**Pdf distribuido por culturagalega.org**
Consello da Cultura Galega. (www.consellodacultura.org)
Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / redaccion@culturagalega.org

# Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados

- Escolma -

**Colectivo Ronseltz**

**Edición electrónica a cargo de culturagalega.org.**

Os textos están extractados de
"Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados",
publicado por Edicións Positivas en 1994,
co permiso dos autores e do editor.

Agradecementos es peciais aos membros de Ronseltz
pola súa colaboración e a Francisco Macías, de edicións Positivas.

Danse clases de poesía
por licenciados en metafóricas.
Coñecimentos sobre sinestésias
de sensacións e doutoramento
en pareados. Precio económico.
Proximidade oposicións poetas
de corporación locais.
Temario plastificado incluido
con matrícula. Dez horas semanais.
Compatibilidade de horarios.

Temas sobre:
-A lírica metonímica na Constitución de 1978
-O verso libre nos municipios periféricos.
-A concatenación sonética en porteiros
e ordenanzas.
-O barroquismo poético dentro da administración.
-A falta de recursos humanos na entrada e saída de documentos.
-A sobriedade literaria da figura do Alcalde.
-A utopía como fórmula de loita contra da excesiva natalidade de pombas e gaivotas con respecto ao deterioro das fachadas dos edificios.
-Dependencias e servicios adicados ao cuarteto de rima impar
asonante nas oficinas de atención ao público.

**NON AGARDES MAIS**
**VEN RESERVALATUA PRAZA**
**RONSELTZ**
**ACADEMY**

## Autopoética

Vai un vangardista e dille a unha cantante de ópera:
Vai un poeta moderado e dille ao cobrador da luz:
Vai unha lavandeira e dille a un túmulo:
Vai un ce con cedilla e dille a unha tónica:
Vai un solpor e dille a un rapaz feo:
Vai unha patria pequena e dille a un buzón de correos:
Vai o mariscal Pétain e dille a un porteiro de discoteca:
Vai un leixaprén e queda colgado nunha sala X:
Vai a alborada de Veiga e faise de noite, e entón dille o cristián de base:
Vai a néboa nun verso, saise do poema e acata a Constitución:
Vai unha musa e dille ao porteiro de discoteca de antes:
Vai unha obra Hermética e dille a unha Asociación de Pais:

Coas letras iniciais de cada resposta poderá formar
o pensamento dun famoso xogador do Deportivo.

**Anatomía**

*Un poeta galego –posmodermo e*
*atlantista- transformase*
*na metade do poema*
*debido á voluptuosidade de Felisa.*

Ouh xélidas nádegas
ouh branquísimo peito
preludio dos témpanos
e da esfera do ventre amado.
Ah do pubis
en purpureo desexo.
Sei do seu van de doncela
do seu brazo de finísimo vidro de Bratislava.
Sei do líquido sinusoidal do sinistro xeonllo
da osteopatía do seu (outra vez) pubis
da luxación do seu húmero
do cincento fígado.
Ouh licor de páncreas augamel
ou acaso pérola que belísima engalana
feita dos máis prezados cálculos renais.
Procuro antes da viaxe
as últimas novas no seu enciclopédico apéndice
pero unha excusión sinuosa polo duodeno
lévame penosamente entre a podremia
ao triste estado de partida.
Agora, Felisa, xa sabes o que son as Itacas.

**Novoneyra en Nova York**

I
O poeta paga dez dólares nunha
gasolineira de Harlem por un
Cacaolat

Harlem dos negros fumes que ollan de Lonxe!
Eiquí síntese ben o pouco que vale un peso.

II
B.B. King ofrece un recital
desde o piso 122 do Empire
State Building

No bicarelo do bico do brelo
canta un home negro
no mesmiño
bicarelo do bico do brelo.

III
Novoneyra, reflexionando,
perde o taxi por non estar
atento.

Este taxi que pasa
¿é meu ou colleumo ela?

**Neotrovadorismo (II)**
**(cantiga de amigo, escarnio e mal dizer)**

Antes eras un colega
pero agora
me cago en tu puta madre
me cago en tu puta madre

Teño na miña man escreber
as palabras máis sublimes.
Teño na miña boca pronunciar
as palabras máis fermosas.

Pero ti... ti nunca me miras,
ti nunca me escoitas.

(Último poema de Maiquel Llordan antes de adicarse definitivamente ao baloncesto).

**Galiza**

Todo na miña terra é paisaxe
Menos traxe,
paxe
e garaxe.

Hai no _______ etéreo un alento de brétema negra.
Sobre a profundidade máis ______ dos teus ollos
vidrosos e distantes, seremos nós a _________.
E mentres as palabras dos cativos enchen de ___
As nosas ______, así o sol voltará a iluminar
O cuarto das _________.

Pregunta:

- ¿Cando voltarás a sorrir mentres almorzo?
- ¿Cando deixarás de arrotar mentres comemos?

Se Papá fixa a súa mirada
no tarro da mermelada
e despois a vista desvía
e ve o teu estado de apoplexía,
dúas cousas poden suceder:

¡Espacio!
¡Espacio!
Scura oite hea e uz,
Ombras e embranzas...

1. Visita inmediata Seguridade Social. Stop.
2. Progresivo aumento dose de Colacao. Stop.

E se os nosos versos
vos parecen herméticos
¡Ai abrelatas!

**Suicidio**

Colles o teléfono
Marcas o teu número
Falas contigo mesmo:
Decididamente, non te podes ver.
Antes de discutir
Prefires colgarte.

Sincronicemos os nosos reló:
ábrese o sobre e renóvase a lírica galega;
péchase o sobre, ¿como se titula a película?
Ajortoirajortoiro.
Rabindraná Rabindraná moro de la morería
eles mazaban cotillóns e nós consultamos bibliografía
lemos a Bataille que non é bo de ler (licencia)
llora como mujer lo que no supistes defender como hombre

**Yonky Town vaca**

I

Ai ouh eh marela ouh!
que boa estabas
antes do clembuterol

II

Isto é unha mensaxe
contra a droga da consellería

III

de Sanidade

A pequinés regalado sodomízao cun arado
Señor Mío Jesu Cristo eres niño como mía
Jesu Sito de mi vida mi corazón es tuya
Padre Nuestra: una palabra de ti bastará para sanar yo
y el pan que nos pertenece danos lo
paiciño paiciño pae
somos galegos e non nos entendemos.

¿Un pequeno prexuizo
pouco premeditado
é un prexuizo aliterado?
¿Un pastor alemán é unha metonimia?
¿A Coca cola é mancha eterna?
¿Alí onde está o veneno está o remedio?
¿Se vas a Bueu nun bou vas
e se non, non?
¿Chove?

Xa escampará.